

SEGUIMIENTO DE TÍTULOS. CONVOCATORIA 2013. CURSO ANALIZADO: 2012-2013

**INFORME DE REVISIÓN TÉCNICA DO AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO  
PREVIA Á AVALIACIÓN INTERNA/EXTERNA**

**NOTA:** Segundo a DIRECTRIZ XERAL Nº10 PARA O SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER DA UNIVERSIDADE DE VIGO, "A revisión técnica a que se refire o apartado anterior consistirá na comprobación de que o informe de seguimento se axusta á normativa vixente e ás necesidades e requisitos do procedemento establecido pola ACSUG. No caso de que se atope algún incumplimento a Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade remitirá as súas obxeccións ao centro ou centros para que no prazo que se estableza no calendario, se realicen as correccións debidas adecuándose ás normas e esixencias solicitadas". Esta revisión técnica formúlase polo tanto como una axuda complementaria para respectar o procedemento establecido, sen prexuízo da valoración do informe no posterior proceso de avaliación.

**DATA: 18/11/2013**

<b>DENOMINACIÓN DO TÍTULO</b>	MESTRADO EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA	
<b>CENTRO/S RESPONSABLE/S</b>	ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA	
<b>CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO</b>	ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA	
<b>CURSO DE IMPLANTACIÓN DO TÍTULO</b>	2012/13	
<b>RESULTADO DO PROCESO DE REVISIÓN TÉCNICA DO AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO</b>	<b>AXÚSTASE AO PROCEDUREMTO ESTABLECIDO</b> <input checked="" type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON	<b>COMPLETAR:</b> <input checked="" type="checkbox"/> INFORMACIÓN PÚBLICA <input checked="" type="checkbox"/> VALORACIÓN DO CUMPRIMENTO <input type="checkbox"/> ACCIÓNS ANTE RECOMENDACIÓNS

**VALORACIÓN DETALLADA DA REVISIÓN TÉCNICA POR CADA APARTADO DO AUTOINFORME**

1.- Información pública que a Universidade de Vigo facilita do título	AXÚSTASE AO PROCEDUREMTO ESTABLECIDO PARA A INFORMACIÓN PÚBLICA <input checked="" type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON	COMPLETAR INFORMACIÓN PÚBLICA <input type="checkbox"/> SÍ <input checked="" type="checkbox"/> NON
Comentarios/Suxestións		

2.- Valoración do cumprimento do proxecto establecido e dos resultados obtidos, detección de boas prácticas, desviacións e toma de decisións	AXÚSTASE AO PROCEDEMENTO ESTABLECIDO PARA A VALORACIÓN DO CUMPRIMENTO <input checked="" type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON	COMPLETAR VALORACIÓN DE CUMPRIMENTO <input checked="" type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON
<p><b>Comentarios/Suxestións</b></p>	<p><u>Xeral:</u> Todos os informes de seguimento das titulación da ESE Informática seguen un mesmo guión (tanto a nivel estrutural como de contidos). Recoméndase potenciar a reflexión sobre aspectos específicos e diferenciadores da propia titulación, en prexuízo dos aspectos común.</p> <p><u>Xeral:</u> No informe faise referencia a accións de mellora nos que a responsabilidade atribúese ao centro. O desenvolvemento destas acción nas fichas correspondentes, presentase nun documento separado. Recoméndase integrar as fichas das accións que se sinalan na reflexión do autoinforme como unha información integrante do mesmo. Se unha mesma acción "afecta" a todas as titulacións do centro incorporárase en tódolos autoinformes.</p> <p><u>Criterio 2:</u> Lémbrese que segundo o Documento de axuda 1, as boas prácticas son:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Formas de actuar, experiencias e sistemáticas establecidas polo Centro e/ou polo Título que se basean en principios, obxectivos e procedementos apropiados ou pautas aconsellables e axeitadas a unha determinada perspectiva normativa o a un parámetro consensuado.</li> <li>• Toda experiencia que ten dado resultados positivos, demostrando a súa eficacia e utilidade no contexto de implantación e desenvolvemento dos títulos.</li> <li>• Formas óptimas de executar un proceso, que poden servir de modelo para outras organizacións, Centros ou Títulos.</li> <li>• Teñen que poder demostrarse; ter evidencias/rexistros da súa implantación e dos resultados obtidos.</li> </ul> <p>Revisar si algunha das incluídas non estaban xa recollidas na Memoria e son cuestións de obrigado cumprimento para implantación e desenvolvemento da titulación.</p> <p>Exemplos:</p> <p><i>"Se envía información relativa a la titulación a Centros de enseñanzas medias y formación profesional."</i></p> <p><i>"Existen planes de adaptación para los estudiantes que proceden de los títulos extinguidos"</i></p> <p><u>Criterios 1, 3, 4:</u> Recoméndase analizar coa vicerreitoría competente ás modificacións na memoria ás que se fai referencia nestes criterios, coa finalidade de asegurar que non implican cambios substanciais e polo tanto axústanse á normativa vixente.</p> <p><u>Criterio 3, 4, 5:</u> Recoméndase incluír os resultados dos indicadores académicos dispoñibles relacionados cos contidos deste criterio, para xustificar e dar coherencia ás reflexións, e realizar a súa análise e valoración.</p> <p><u>Criterio 6:</u> Recoméndase incluír nas reflexións os resultados de satisfacción do PDI en relación con este criterio, obtidos a partir de procesos de recollida de opinión (enquisas de satisfacción, internos e/ou externos á titulación ou ó centro).</p>	
<p><b>3.- Accións levadas a cabo ante as recomendacións establecidas no informe final de verificación e/ou nos sucesivos informes de seguimento</b></p>	<p>AXÚSTASE AO PROCEDEMENTO ESTABLECIDO PARA AS ACCIÓNS ANTE RECOMENDACIÓNS <input checked="" type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON</p>	<p>COMPLETAR AS ACCIÓNS ANTE RECOMENDACIÓNS <input type="checkbox"/> SÍ <input checked="" type="checkbox"/> NON</p>

Comentarios/Suxestións	
------------------------	--

**Adicionalmente a estas propostas, a continuación recóllense unha síntese das recomendacións máis reiteradas pola ACSUG nos informes finais de seguimento dos títulos do curso 2011/2012.**

Recomendase valorar a posibilidade de ampliar as reflexións atendendo as cuestións sinaladas:

**Información pública:**

- *Manter actualizada a información pública en todas as versións da páxina web (galego, castelán...)*
- *Incluír información sobre o profesorado (experiencia docente e investigadora, categoría, área, materias que imparte...)*

**Criterio1 (Descrición do título):**

- *No caso de que memoria do título se indiquen varias linguas no desenvolvemento da titulación, facer referencia e reflexionar sobre as mesmas.*

**Criterio 3 (Obxectivos e competencias):**

- *Desenvolver mecanismos orientados á avaliación das competencias.*
- *Revisar os sistemas de avaliación e obxectivos e competencias en cada materia e para o conxunto da titulación.*

**Criterio 6 (Recursos humanos):**

- *Incorporar información sobre o persoal de apoio á docencia e ao persoal de administración e servizos, así como ao desenvolvemento de programas de formación destinados a estes.*

**Criterio 7 (Recursos materiais e servizos):**

- *Ampliar información e análise sobre os recursos materiais e os espazos dispoñibles.*
- *Reflexionar sobre aspectos relacionados coa seguridade e os plans de emerxencia e evacuación do edificio, dotación de elementos de seguridade nos laboratorios...etc.*

**Criterio 8 (Resultados):**

- *Fomentar a participación nos mecanismos de recollida de opinión para que sexan máis representativos.*

**Criterio 10 (Calendario de implantación):**

- *Realizar un seguimento dos mecanismos de acceso e adaptación do estudiantado proveniente dos plans extinguidos e ciclos superiores de formación profesional.*